



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

PROXECTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Departamento

de

Dinamización Lingüística

2019-20

IES EDUARDO PONDAL

Santiago de Compostela.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

DATOS XERAIS DO IES EDUARDO PONDAL

Denominación: **IES Eduardo Pondal**

Código do Centro: 15015861

Domicilio: R/Dr. Maceira,9

Localidade: Santiago de Compostela

Concello: Santiago

Código Postal: 15706

C.I.F: Q6555164J

Teléfono: 881866367

Fax: 881866373

Correo electrónico: ies.eduardo.pondal@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardopondal>



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

ÍNDICE

Limiar	1
<i>A situación sociolingüística do alumnado e das familias</i>	2
<i>A situación sociolingüística do centro</i>	12
O Equipo de Dinamización Lingüística para o curso 2019-20	13
Recursos humanos e entidades colaboradoras.....	17
Obxectivos	18
Xerais.....	19
Específicos.....	20
Proposta de actividades para o curso 2019-20.....	21
<u>Proxecto multidisciplinar: Pondal. A orixe</u>	
<u>Irmanamento co IES DE Valga</u>	25
Contribución do EDLG a outros proxectos do centro	28
Procedementos de avaliación da programación.....	29
Impacto do proxecto na comunidade educativa.....	30



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

LIMIAR

SITUACIÓN DO ALUMNADO:

No presente curso escolar 2019-20 o IES Eduardo Pondal ten ao redor de 527 alumnas e alumnos.

O centro está situado no barrio compostelán de Conxo e acolle alumnado dos colexios CEIP Quiroga Palacios e CEIP Roxos, ambos de Santiago de Compostela. Deste xeito, dáse unha mestura entre alumnado urbano e rural do extrarradio de Santiago de Compostela.

Actualmente o centro ten o seguinte reparto por etapas:

Educación Secundaria Obrigatoria (14 unidades)

Bacharelato (6 unidades).

Tamén imparte clases a 2 grupos de FP Básica.

En total 22 unidades.

No presente curso académico 2019-20 o centro consolida un notable incremento do seu alumnado iniciado no curso anterior. Tamén variou a procedencia do mesmo, incorporando alumnado dos IES de Ames, Brión, Milladoiro, etc. Asemade recibimos ao longo do curso alumnado migrante. Isto afecta á situación sociolingüística do noso alumnado e será obxecto de estudo e atención.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE

O claustro está formado por 44 docentes.

Ademais, o centro conta con dúas conserxes, unha auxiliar administrativa, 3 limpadoras e dúas coidadoras.

No tocante **á situación sociolingüística**, o labor docente realízase tendo o galego como un referente de importancia e cumprindo, por vía de regra, o Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. Desenvólvese así mesmo o Decreto 79/ 2010 de plurilingüismo para o ensino non universitario.

A presenza da lingua galega no ámbito formal maniféstase no centro co uso do galego nas actividades extraescolares, en todo tipo de convocatorias, avisos, citacións e anuncios. Así mesmo, **no ámbito administrativo**, os oficios, as convocatorias, as citacións, os certificados, os documentos de relación coas familias e co contorno social, como poden ser a correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados e demais documentos académicos e oficiais están redactados en lingua galega.

Xa que logo, **o emprego do galego por parte do profesorado** é habitual nas conversas que mantén coas familias, co alumnado e co persoal non-docente. Isto non impide que na linguaxe coloquial o castelán teña tamén a súa presenza derivada das opcións persoais de cadaquén.

Desde o EDLG trátase de fomentar unha cohesión e un enfoque común no tratamento da lingua galega no centro. Partimos da boa predisposición do profesorado, da súa implicación nas actividades organizadas polo EDLG ou na elaboración de documentos para o centro (PEC, Proxecto Lingüístico, TIL...)

Desde o EDLG ofrécese asesoramento tanto en leis sobre o uso do galego no ensino coma en cursos de formación ou en cuestións normativas puntuais.

Partimos da base da predisposición dos Departamentos a colaborar coas actividades do EDLG.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

No tocante ao alumnado, cómpre dicir que establece as súas relacións predominantemente en castelán, produto seguramente destas dúas circunstancias fundamentais:

1. O detrimento xeral do prestixio da lingua galega entre a mocidade e a ausencia de referentes.
2. O influxo do ambiente urbano no que habitualmente se potencia o uso da lingua castelá por sentila como idioma óptimo para o ascenso social.

No tocante á presenza do galego nas aulas, obsérvanse, coma na maioría da sociedade galega, comportamentos diglósicos derivados, entre outros factores da existencia de estereotipos e prexuízos sobre a viabilidade do galego, así como do escepticismo a propósito da súa capacidade para constituírse en vehículo de produción cultural, científica e técnica.

Situación sociolingüística do centro e do seu contorno

O contorno sociolingüístico

Debido á variada procedencia que xa mencionamos do noso alumnado, foi preciso elaborar unha enquisa sociolingüística **no curso 2018/19** para actualizarmos a situación e cuxos datos máis relevantes pasamos a reseñar.

O EDLG comprométese a facer novas enquisas periodicamente para comprobar a realidade sociolingüística do noso centro, tendo en conta esa variabilidade da procedencia entre o rural do extrarradio e o ámbito máis urbano da cidade de Santiago de Compostela.

A situación sociolingüística do alumnado e das familias

Dos datos proporcionados polo noso estudo dedúcese claramente que o galego ten unha forte presenza nas familias do contorno do IES Eduardo Pondal no que se refire á súa condición de lingua inicial



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

xunto co castelán. Unha grande parte do noso alumnado declara que a lingua na que aprendeu a falar, a ler e a escribir foron por igual galego e castelán.

Un 40% do alumnado declara que aprendeu a falar nas dúas linguas.

Un 60 % do alumnado declara que aprendeu a ler nas dúas linguas

Un 61 % declara que aprendeu a escribir nas dúas linguas.

Con todo, cando falamos do uso que actualmente fan das linguas apréciase unha presenza maioritaria do castelán. Ata un 57% declara que se expresa máis en castelán.

Hai polo tanto unha diferenza entre a lingua que se escoita máis nas casas e a que eles usan entre si coas amizades e no seu tempo de lecer. Neste caso achégase o castelán ata un 71 %.

:

Un 57,3 % declara que fala máis castelán.

Un 40% declara que na casa escoita máis castelán que galego.

Un 71 % declara que a lingua que máis escoita cos amigos, no centro ou na televisión é o castelán.

Mais o noso alumnado, nun 48 %, manifesta que estaría disposto a cambiar a súa lingua. Así o expresan fundamentalmente os que declaran falar máis castelán. Esta actitude sociolingüística positiva deixa ver unha boa predisposición para poder cambiar de lingua nalgún momento, ou en todo caso, a súa boa aceptación da nosa lingua.

Canto á formación que declaran ter nas dúas linguas, un 69 % declara que ten capacidade alta para entender a lingua galega mentres no caso do castelán hai un 86% que se declara con alta competencia

Nesta ampla diferenza dedúcese que hai inseguridades na formación do noso alumnado no caso da lingua galega e que teñen a percepción de ter máis competencia no castelán. Podemos colixir que hai marxe de actuación e mellora na formación e preparación do noso alumnado na nosa lingua para evitar ter esta percepción de escasa habelencia lingüística, ou ben corrixir actitudes diglósicas e de autoodio.

Así o parecen corroborar de novo as porcentaxes de capacidades para falar, ler e escribir en galego ou en castelán, nas que o galego ten menor peso específico, a pesar de teren declarado que na formación escolar a porcentaxe das dúas linguas foi moi similar:



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Porcentaxes nas capacidades para falar:

61 % alta capacidade en galego. 86% alta capacidade para castelán

72 % alta capacidade para ler en galego . 89 % para o castelán

64 % alta capacidade para escribir en galego . 82 % para o castelán

No aspecto_sociolingüístico unha ampla maioría do noso alumnado recoñece en alto grao a importancia da lingua galega como eixe vertebrador da identidade de Galicia e do pobo galego, mais nun 48 % non valoran a súa condición de lingua minoritaria que precisa de apoio institucional para garantir o seu futuro pois non a ven nunha situación de inferioridade con respecto ao castelán.

A súa visión da situación da lingua é bastante positiva en xeral. Nun alto grao manifestan que debera ser lingua vehicular con maior presenza no ensino. Tamén manifestan que a utilización por parte do profesorado contribúe a incrementar o aprecio e o uso por parte do alumnado.

Apreciamos unha boa predisposición do alumnado ao manifestar nun 57 % en alto grao ou bastante alto o seu compromiso cara á nosa lingua.

Na súa análise e nas perspectivas de uso no ámbito do ensino, un 58% declara que o uso da lingua galega vén en alto ou moi alto grao condicionado polo seu uso por parte do profesorado.

Un 68 % recoñece a lingua galega como un elemento central da identidade de Galicia e dos galegos

Un 48 % non cre que estea nunha situación de inferioridad e co castelán nin que precise apoio especial para garantir o seu futuro.

Un 41 % está bastante de acordo con que as perspectivas do galego son positivas

Un 57% declara en alto grao ou en bastante alto que se sente comprometido co galego .

Un 31 declara que a utilización do galego por parte do profesorado potencia o seu uso polo alumnado en alto grao. Un 27 % tamén o recoñece en alto grao. Logo, achéganse a un 58%.

Un 32 % cre que o galego debe ter una presenza maioritaria como lingua vehicular na ESO. Un 22 % tamén o declara en alto grao, Logo un 54% así o expresa en alto ou moi alto grao.

O noso alumnado destaca a importancia que debe ter na proxección pública do galego a súa presenza en ámbitos como o deporte, o ensino, a cultura, a arte, e moi especialmente a oferta audiovisual e en internet.

Podemos deducir que a presenza da nosa lingua nestes aspectos sociais revaloriza a percepción que o alumnado ten do galego e fomentaría máis o seu uso, por enriba de estereotipos creados e de prexuízos diglósicos.

O alumnado tamén demanda máis compromiso social e tecnolóxico a favor da lingua galega:



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Canto aos ámbitos nos que o alumnado opina que a lingua galega debera ter máis presenza para ampliar o seu uso dun xeito normalizado destacamos:

Nun 48 % pide maior oferta audiovisual e de internet en galego.


Nun 48 % maior utilización pública de artistas e deportistas.

Nun 41 % maior presenza no ensino.

Destacamos de xeito inequívoco que o noso alumnado está maioritariamente instalado no castelán no seu tempo de lecer e amizade, e porén, ten boa predisposición cara á lingua galega como lingua propia de Galicia, recoñecendo a súa importancia como lingua vehicular no ensino. Destacamos tamén que fai unha análise bastante realista da menor presenza do galego en ámbitos reservados ao castelán, os cales adoitan partir de situación diglósicas e restricións de ámbitos de uso. Como xeito positivo recalcar que una parte do noso alumnado ten boa predisposición a adaptarse a un cambio de lingua galega se for preciso.

Exemplos da enquisa sociolingüística que se realizou no IES Pondal:


P5.En que lingua aprendiches a falar?




P6.En que lingua aprendiches a ler e a escribir?



Equipos de Dinamización da Lingua Galega




P7. Que lingua falas habitualmente?




P9. Estarías disposto/a a cambiar a túa lingua habitual nalgún momento da túa vida?



Equipos de Dinamización da Lingua Galega




P10. Que lingua escoitas habitualmente na casa?



P11. Que lingua escoitas habitualmente cos amigos, no centro escolar, TV, música, etc.?




Equipos de Dinamización da Lingua Galega



P17. Cal cres que é a túa capacidade para entender nas distintas linguas?


(1 = capacidade case nula; 5 =capacidade moi alta)



P18. Cal cres que é a túa capacidade para falar nas distintas linguas? (1 = capacidade case nula; 5 =capacidade moi alta)



Equipos de Dinamización da Lingua Galega





Equipos de Dinamización da Lingua Galega

En xeral, unha parte importante do alumnado procede de familias con uso lingüístico espontáneo en galego. Outra parte asimíllase a un grupo de falantes bilingües ou diglósicos. O resto, procedente de familias orixinarias de fóra de Galicia, teñen un uso lingüístico espontáneo e homoxéneo en castelán ou instálanse no castelán como lingua vehicular tras a súa chegada. O alumnado procedente de Venezuela, Perú, Arxentina etc. está instalado no castelán e vai depender do seu esforzo e da súa superación persoal para adaptarse ao noso idioma, necesario para o seu desenvolvemento académico e profesional en Galicia. Contamos con alumnado procedente doutras rexións que manifestan un esforzo e un interese cada vez maior na súa integración lingüística na vida escolar.

A situación sociolingüística do centro

A nivel formal, podemos considerar que o centro está practicamente normalizado no uso do galego como lingua oficial do ensino. De feito, é a lingua empregada para:

- ✗ Os documentos oficiais do tipo convocatorias, avisos, PEC, matrículas etc.
- ✗ As exposicións organizadas polos diferentes departamentos e etapas educativas dentro das dependencias e espazos do centro (corredores, aulas, biblioteca etc.) adoito están en lingua galega.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

- ✘ Na páxina web e nos blog do centro utilízase maioritariamente o galego, tanto por parte do profesorado e persoal do centro como por parte do alumnado.
- ✘ A sinalética do centro.

No que se refire á actitude cara á normalización, o centro amósase cunha predisposición positiva, porén, aínda hai aspectos que debemos mellorar e que estamos en camiño de levar adiante neste curso escolar, por exemplo, actualizar algúns programas informáticos empregados para que inclúan a lingua galega como opción de uso, así como incorporar nas actividades desde Equipo o maior número posible de alumnado e profesorado de diferentes ámbitos e niveis para fornecer o mantemento do uso da lingua galega no centro.

Equipo de Dinamización Lingüística para o curso 2019-20

Recursos humanos

Durante o próximo curso académico o EDLG do IES Eduardo Pondal estará formado polos seguintes membros:

Coordinadora:	Mariña Pérez Rei (Departamento de Lingua Galega)
Profesorado:	Carlos Lixó Gómez (Xeografía e Historia) Óscar Couto Viñeglas (Director, Profesor de Matemáticas) Julia Menéndez Villalva (Departamento de Bioloxía)



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Alumnado representante:

Elena Montero 4º ESO
Carmen García 2º BACHARELATO
Eva Barreiro 4º ESO

Outros Departamentos colaboradores e persoal implicado no proxecto son:

Lingua Galega e Literatura

Marián Araújo Muíños
Lorena Rei Noia
Ana Oreiro

Colaboran asesorando lingüisticamente e na organización, deseño e divulgación de actividades.

Responsable TIC no centro

Xavier Vázquez

Colabora na páxina web do centro e en cuestións técnicas no referente ás novas tecnoloxías.

Secretario do centro:

Claudio Rodiño Caramés

Colabora na organización, na compra de material específico en lingua galega e nas exposicións que se organizan no centro.

Responsable da Biblioteca do centro:

Mª Teresa Miñambres Gómez

Colabora na organización e nas exposicións que se organizan no centro.

Departamento de Bioloxía

Julia Menéndez Villalva

Colabora nas actividades do EDL desde o punto de vista máis científico.

Departamento de Francés

Susana Pavía
Fermín Freijido

Departamento de Inglés



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Ana Sánchez
Ana González

Colaboran na tradución e interpretación de textos traídos ao galego doutras linguas e na organización de actividades.

Departamento de Xeografía e Historia.

Claudio Rodiño Caramés
Natalia López Salgado

Colaboran nas actividades desde o punto de vista máis humanístico

Departamento de Plástica:

Ignacio Pascual
Colabora desde o deseño e o tratamento plástico nas actividades.

Departamento de Física e Química

Xesús Rodríguez
Guillermo Fernández

Colaboran na organización de actividades do departamento .

ALUMNADO colaborador:

1º Bacharelato

Noa Ferro
Xiana Veiga
Lucía Dosil
Paula Gómez
Ivana Rey
Carme Abalde
Alejandro Álvarez
Uxía Dacunha
Pablo Pazos

ALUMNADO 1º ESO

Luís Alejandro Costa Cómez
Kate Cancelas Gago



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Raúl Varela Martínez

Grupo de teatro do centro:

Directora e autora de teatro: Paula Sanmartín

Colaboran no Festival de Teatro Intercentros que se vén organizando no Concello de Santiago.

O alumnado colabora nas actividades e terá funcións de representación do centro en actos e saídas de carácter cultural.

Persoal Non docente

Ana Segade Freire

Colabora no deseño das actividades do EDL e na súa difusión.

Pais/ Nais

Marisa Álvarez Garea
Arturo Montero Gómez

Colaboran na difusión das actividades entre a comunidade educativa no sector de pais/ nais e poden ter función representativa do EDL en actos culturais organizados.

Ademais, colaborarán connosco na realización das diferentes actividades outros profesores/-as e alumnos/-as de xeito máis ou menos habitual, xa que un dos obxectivos que nos marcamos é continuar tecendo unha rede pola lingua na que poidan participar todas as persoas da nosa comunidade educativa que o desexen, alimentando o respecto polo galego como lingua propia e natural e pola diversidade lingüística mundial desde a nosa vivencia persoal.

HORARIO ESTABLECIDO PARA REUNIÓNS DO EDLG:

MÉRCORES ÁS 10.30

ENTIDADES COLABORADORAS

O EDL estará en contacto coas seguintes entidades e servizos públicos ou privados que poidan contribuír á consecución dos nosos obxectivos:



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Concello de Santiago de Compostela

Servizo de Normalización Lingüística do concello de Santiago

Dirección Xeral de Política Lingüística

Centros educativos da zona: CEIP Quiroga Palacios e CEIP Roxos

Centro Cultural Aurelio Aguirre de Conxo

IES EDUARDO PONDAL de Ponteceso

IES XELMÍREZ I

IES DE VALGA

Fundación Eduardo Pondal

Concello de Ponteceso

Concellaría de Educación, Cultura e Normalización do Concello de Carballo.

Asociación Monte Blanco

Editorial Alvarellos

Eitorial Toxosoutos

Editorial Galaxia e Editorial Xerais

MATERIAIS:

Bibliotecas escolares e municipais.

Material TIC. Aula de informática.

Fotocopiadora e plastificadora

Cámara dixital. Foto e vídeo.

Taboleiro de anuncios na entrada do centro.

Pantalla dixital na entrada do centro.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Páxina web e aula virtual

Material achegado por distintas institucións sobre promoción da lingua galega, eventos, etc..

Obxectivos

O Equipo de Dinamización do IES Eduardo Pondal propón os seguintes obxectivos:

Xerais

- 1 Valorar a lingua galega como propia de Galicia, prestixiar o seu uso e coñecemento como medio de enriquecemento persoal e comunitario.
- 2 Reforzar a dimensión comunicativa da lingua galega en relación con contextos vivos e vitais para o alumnado
- 3 Potenciar a valoración da lingua galega como elemento configurador da identidade persoal e cultural.
- 4 Mellorar a competencia lingüística da comunidade educativa achegando ferramentas, realizando actividades, solucionando dúbidas etc.
- 5 Garantir a posibilidade de vivir en galego no contexto educativo e social.
- 6 Conseguir para a lingua galega máis espazos de uso, fundamentalmente aqueles que resulten atractivos para o alumnado como fórmula para prestixiar a lingua entre a mocidade.
- 7 Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe e uso da lingua galega.
- 8 Ampliar o radio de influencia do centro no seu contexto social e cultural, involucrando os diferentes elementos da comunidade educativa.
- 9 Converter o proxecto nun elemento transversal da práctica educativa do centro.

Específicos

- 1 Fomentar o uso da lingua galega en todo tipo de situacións, tanto no centro escolar como fora.
- 2 Potenciar o coñecemento e posta en valor da noso patrimonio galego, tanto natural coma cultural.
- 3 Realizar actividades que requiran do uso das TIC para achegar positivamente o uso da lingua ás novas tecnoloxías.
- 4 Facer ver que o coñecemento das linguas enriquece as nosas vidas en numerosos aspectos.
- 5 Manter visible a lingua en todos os espazos físicos e virtuais do centro, así como na documentación manexada, nas comunicacións orais/escritas coas familias etc.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

- 6 Facilitar ao profesorado a adquisición de terminoloxía e vocabulario en que son frecuentes as interferencias co español independentemente de que se impartan ou non as clases en galego.
- 7 Sensibilizar a sociedade do contorno da importancia de fomentar e usar a lingua galega na documentación pública e privada.
- 8 Facilitar as propostas de novas intervencións noutros ámbitos lingüísticos para próximos proxectos.
- 9 Colaborar con entidades da contorna para dar a coñecer as nosas actividades, fomentar o uso do galego e actuar como axentes normalizadores.
- 10 Conseguir que o alumnado se sinta partícipe do proceso de normalización da lingua galega no Instituto e na sociedade, mesmo sendo un factor de apoio para que os seu profesorado manexe mellor a lingua.
- 11 Servir de apoio para que se acade un uso correcto e digno oralmente e por escrito potenciando o uso da lingua galega en todas e cada unha das múltiples manifestacións da vida académica.
- 12 Potenciar o uso do galego nas principais páxinas, servizos e dominios públicos cos que entre en contacto a comunidade compostelá, ofrecendo a colaboración do EDLG para axudar na normalización do proceso.
- 13 Colaborar activamente coa Coordinadora Galega de ENDL (<http://www.coordinadoraendl.org/>) nas actividades que puidese propoñer así como con outros ENDL establecendo contacto cos seus coordinadores.
- 14 Fomentar a igualdade en todos os ámbitos, comezando por valorar de xeito paritario a riqueza lingüística da nosa comunidade educativa.

Estes obxectivos xerais e específicos que deben contribuír tamén a que o alumnado acade as competencias básicas nas materias correspondentes, están amparados nos seguintes ítems polos que se rexerá o EDL na concreción de cada actuación:

1. Fomentar e potenciar o emprego da lingua galega en todos os ámbitos da comunidade escolar e extrapolar o seu uso a todos os ambientes relacionados co centro.

Interactuar con distintos departamentos e alumnado de variada procedencia e nivel.

2. Analizar e fomentar o cumprimento das medidas acordadas no Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) sobre o galego.

En colaboración co Claustro e co Equipo Directivo

3. Analizar a situación lingüística no centro entre o alumnado, profesorado e persoal non docente.

Enquisa sociolingüística .

4. Conseguir que o galego siga a ser a lingua habitual do centro, tanto no plano oral como escrito, e promover o seu uso en todos os actos internos e externos.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Presenza da lingua en todas as actividades organizadas.

5. Divulgar o máximo posible a nosa cultura, con celebracións das festas tradicionais, por ser o principal ámbito no que se desenvolve a nosa lingua.

Divulgación da celebración de efemérides ou datas de nomeada importancia na cultura galega.

6. Ter en conta a realidade galega na elaboración de proxectos curriculares.

Focalizar na contorna para axudar o alumnado e o profesorado a situarnos na realidade máis próxima.

7. Conseguir que a actitude do alumnado e do profesorado cara á lingua e á cultura galega sexa positiva.

Implicación, diversidade de obxectivos, diálogo, información e variada oferta cultural.

8. Fomentar a participación do alumnado en todas aquelas actividades encamiñadas á promoción do uso do galego.

Consolidar un grupo de alumnos e alumnas que aprecie a nosa cultura e a transmita con respecto e decisión.

9. Incorporar a lingua galega ao mundo das tecnoloxías da información e da comunicación e conseguir un uso normalizado desta, por parte da xuventude, nas redes sociais, na creación de páxinas web e de blogs, na telefonía e nos sistemas de comunicación en xeral.

Mellorar e incrementar en positivo a presenza das novas tecnoloxías en galego no centro.

10. Fomentar a colaboración con asociacións, equipos de Dinamización doutros centros e entidades locais de Compostela, en concreto de Conxo.

Establecer vínculos con outros Equipos de Dinamización doutros centros

Irmanamento cultural co concello e IES de Ponteceso

Irmanamento cultural co IES de Valga

Festival Intercentros de Teatro co IES Xelmírez

Favorecer a presenza de actividades do alumnado no Centro cultural de Conxo e a participación no Banquete de Conxo.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Proposta de actividades para o curso 2019-20 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Temos a intención de realizar as actividades que deseguido se van describir, e de incluír algunha outra que poida propoñerse ao longo do curso e que se recollerán na memoria final.

O Departamento de Dinamización Lingüística presenta os seguintes proxectos de actividades a desenvolver ó longo do curso 2019-20 que afectan directamente a toda a comunidade escolar.

Relación de actividades:

O Departamento de Dinamización Lingüística presenta os seguintes proxectos de actividades a desenvolver ó longo do curso 2019-20

- **Proxecto multidisciplinar para o IES PONDAL:**
Título do proxecto: Pondal. A orixe. (II)
Preparación de material que forneza a obra do autor no centro e divulgación da súa figura entre o alumnado. Fomentar a importancia do **Banquete de Conxo**
Continuación do intercambio realizado o curso anterior co IES PONDAL DE PONTECESO.
Saída a Ponteceso no intercambio de alumnado de 1º Bacharelato. 2º ou 3º trimestre.
- **Proxecto de intercambio cultural co IES DE VALGA.** Co gallo do Día de Rosalía, o 24 de febreiro, alumnado do IES de Valga e do noso centro asistirá conxuntamente a actividades de homenaxe da autora. Fomentárase o intercambio e irmanamento cultural entre os dous centros desde a óptica dun centro de cidade e un centro de ámbito rural con máis alumnado galego falante. Iníciase cun intercambio epistolar no 1º trimestre e continúa cun intercambio de alumnado no 2º e 3º trimestre.
- Participación en **representacións teatrais** que se leven a cabo desde o Concello. Actividade ofertada en xeral para todo o alumnado ao longo do curso en función da oferta cultural que vaia xurdindo.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

- Promoción da lectura, en colaboración coa Biblioteca do centro a través da participación en **actividades de animación á lectura** (concurso de microrrelatos, clubs de lectura, teatro lido, contacontos, actuacións musicais...) para alumnado de 1º e 2º de ESO ao longo do curso escolar.
- **Exposicións** nos corredores do instituto, ou na **pantalla da entrada**, de traballos en galego realizados polo alumnado. No caso de ser posible as exposicións das obras do alumnado expoñeríanse tamén no Centro Sociocultural do noso barrio (Aurelio Aguirre de Conxo) ou noutros lugares fóra do IES.
- **Exposición de paneis de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón** cedidos polo Servizo de Biblioteca do Concello de Dodro. 2º ou 3º trimestre.
- Participación dun equipo de alumnos e alumnas no **Club de Debate da Fundación Barrié**. 2º ou 3º trimestre.
- Colaboración co alumnado no deseño **dun xornal de centro**.
- Organización desde o Equipo dun **agasallo institucional do centro de tipo cultural e creativo**.
- **Teatro escolar**. Colaboración co grupo de teatro do IES PONDAL. Asistencia ao **Festival Intercentros** organizado polo IES Xelmírez I e en colaboración con outros centros da cidade e da contorna. Alumnado de ESO en especial nos niveis onde cursan estudos os alumnos e alumnas que participan no Grupo de Teatro. Para o 2º OU 3º trimestre.
- **Semana da ciencia en galego**. O departamento en colaboración coa Biblioteca e outros departamentos como o de Bioloxía ou Física e Química organizará actividades variadas sobre a ciencia. Exposición de libros para dar a coñecer obras de divulgación científica en galego adecuadas ao noso alumnado, exposición pública de traballos científicos en galego feitos por alumnas e alumnos; encontro cun científico ou científica galega que teña obras de divulgación científica adecuada para escolares.
- Na semana de Santos e Defuntos celebrar o **Samaín** como festa de orixe popular galega. Ambientación no centro e lectura de textos. Envío de lecturas a través do correo corporativo a toda a comunidade educativa.
- Conmemoración do **Nadal**. Lecturas de textos sobre o Nadal, Panxoliñas. Colaboración do EDLG con actividades musicais realizadas no centro.
- No Entroido propoñeráse facer **lectura de coplas** en colaboración co departamento de Música.
- No **Día das Letras Galegas** realizaranse actividades de divulgación ao redor da figura e da obra de Carballo Calero en colaboración co Departamento de Lingua Galega. Fomentárase a compra de material específico sobre o autor para fornecer a nosa Biblioteca.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

- **Asistencia ao teatro, cine ou visitas a exposicións** específicas no caso de existir oferta adecuada ás diferentes etapas escolares.
- Manter **informada a toda a comunidade educativa** de acontecementos vinculados coa cultura galega da zona (desde o taboleiro do EDLG, desde a pantalla da entrada do centro ou a través do correo corporativo)
- Visita escolar guiada dos grupos de 1º de Bacharelato **á exposición Galicia, un relato no mundo**, mostra internacional dentro da programación do Xacobeo 21 no Museo Centro Gaiás da Cidade de Cultura de Galicia . 1º ou 2º trimestre
- Participación no **Correlingua** en colaboración co Servizo de Normalización do Concello de Santiago. 1º de ESO. 2º ou 3º trimestre.
- **Actividades de iniciación ao portugués** e difusión da Lusofonía como camiño de dignificación da lingua galega nun contexto de irmandade cultural. 1º e 2º Bacharelato.
- **Elaboración de calendarios** escolares para facilitar o uso do galego por parte de alumnado e profesores. Reparto polas aulas e entre os membros da comunidade educativa.
- **Subscrición a revistas específicas en lingua galega** (revista Tempos, revista feminista Andaina, xornal en galego...)
- Posibilidade de traer ao centro **conferenciantes, músicos ou actores** que contribúan a mellorar a competencia en lingua galega e a sensibilidade do alumnado cara á nosa cultura.
- Creación dunha conta de **Twitter** para o centro.
- Actualizar e mellorar a dotación do centro de **materiais informáticos e audiovisuais** en galego.
- Divulgar entre o profesorado o **Decreto 79/ 2010 para o plurilingüismo no ensino** non universitario. Colaborar na elaboración de enquisas que actualicen os datos sociolingüísticos, e a redacción de proxectos como o PLC ou o TIL.
- Adquisición de material para procurar a inmersión lingüística do **alumnado inmigrante** con insuficiente dominio nas dúas linguas.
- **Conmemoración de datas e efemérides** que sexan de interese para o alumnado ou a comunidade educativa do IES, ben con exposicións, charlas, debates ou documentais: Día da Biblioteca, Día Mundial da Non violencia, Día internacional da Lingua materna, Día Internacional da Muller, Día Mundial da Poesía, Día Mundial do Teatro, Día Internacional dos Dereitos do consumidor, Día Mundial da loita contra o Bullying e o Acoso escolar, Día Internacional dos Museos, etc.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

PROXECTO DE TRABALLO MULTIDISCIPLINAR PARA O IES PONDAL

TÍTULO: PONDAL. A ORIXE

PERIODIZACIÓN: 2º FASE. CURSO 2019-20

CONTINUIDADE DO PROXECTO MULTIDISCIPLINAR CO IES PONTECESO

OBXECTIVOS:

Dignificar a figura do autor que lle dá nome ao noso centro.

Divulgar entre o alumnado e o profesorado a súa obra.

Favorecer o intercambio entre o alumnado de Santiago e o da comarca de Ponteceso.

Propiciar o encontro entre un alumnado máis urbano e outro de procedencia máis rural galegofalante.

O EDL continúa co traballo colectivo iniciado no curso 2018-19 en colaboración co **IES Eduardo Pondal de Ponteceso**. A dinamización inclúe desde distintas materias e Departamentos didácticos un enfoque divulgativo sobre o autor que lle dá nome ao noso centro e a contorna na que viviu e creou a súa obra. Trátase de dignificar a nosa lingua a través da posta en valor dun persoeiro da valía intelectual de Eduardo Pondal e de achegar o noso alumnado tanto á súa obra coma á paisaxe e á realidade social da Costa da Morte. Ademais o noso alumnado pode partillar co alumnado galegofalante da zona de Ponteceso.

As estratexias a seguir para a elaboración deste proxecto pasan por repartir por niveis unha pescuda e indagación das orixes do poeta e da súa comarca, expoñelas ao resto da comunidade educativa a través dos mecanismos establecidos neste Proxecto e finalmente incluílas nun dossier que se gardará tanto a nivel físico en papel como en arquivos na páxina web do centro.

PROPOSTA DE INTERVENCIÓN POR NIVEIS E MATERIAS:



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

1º BACHARELATO: PREPARACIÓN DO ROTEIRO A PONTECESO.

En colaboración co Concello de Ponteceso e a Asociación Monte Blanco o alumnado estudará as posibilidades de roteiros que ofrece a comarca da Costa da Morte en relación á obra pondaliana: literario, castrexo, marítimo, etc. A proposta inclúe a posibilidade de organizar un roteiro a Ponteceso como actividade extraescolar para unha representación da comunidade educativa no segundo ou terceiro trimestre.

O IES Pondal continuará deste xeito cos vínculos establecidos no curso anterior co instituto homónimo de Ponteceso, a nivel das Direccións de centro, Equipos de Dinaminación, Departamentos de Lingua Galega, etc. Podería realizarse de novo unha visita institucional entre cargos directivos e representantes dos EDLG.

Poden colaborar os Departamentos de Xeografía, Bioloxía, Xeoloxía, Lingua Galega literatura, Relixión, etc.

1º e 2º ESO: EXPOSICIÓN NO CENTRO DE MATERIAL GRÁFICO E AUDIOVISUAL SOBRE A COMARCA DE BERGANTIÑOS E O AUTOR EDUARDO PONDAL.

Poden colaborar os Departamentos de TIC, Bioloxía, Plástica, Lingua Galega, PAS ...

3º, 4º ESO E 1º E 2º DE BACHARELATO: DIVULGACIÓN DA OBRA DE PONDAL PUBLICADA E DE ESTUDOS SOBRE O AUTOR.

Pódese fomentar a análise da obra de Pondal desde un contexto literario, musical, de edición, e facer recitado ou exposición dos seus poemas.

Preparación dun dossier e dunha vitrina na Biblioteca destinada á obra referente do autor.

FOMENTAR A PARTICIPACIÓN COLECTIVA **NO BANQUETE DE CONXO.**

CLAUSURA DO PROXECTO **PONDAL. A ORIXE:**

* CONFERENCIA SOBRE O AUTOR E A SÚA OBRA.

* (INTERPRETACIÓN DO HIMNO GALEGO A CARGO DUNHA CORAL).



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Trataríase de ofrecer a visión dunha persoa especialista na obra de Pondal, a súa significación e a relación co Banquete de Conxo. Poderíase organizar a conferencia no Centro sociocultural Aurelio Aguirre.

Este proxecto levarase a cabo desde o IES PONDAL e terá repercusión en toda a comunidade educativa dado que se buscará a implicación colectiva. Tamén implicará unha relación directa co Concello de Ponteceso e co IES EDUARDO PONDAL desta comarca.

IRMANAMENTO CULTURAL CO IES DE VALGA:

ALUMNADO DE 1º DE BACHARELATO

(Aproximadamente trinta alumnas e alumnos)

PERIODIZACIÓN: TODO O CURSO ESCOLAR 2019-20

1ªFASE: INTERCAMBIO EPISTOLAR ENTRE O ALUMNADO.

2ª FASE: VISITA DO IES PONDAL AO IES DE VALGA.

3ª FASE: RECEPCIÓN DO ALUMNADO DE VALGA EN SANTIAGO.

OBXECTIVOS:

Favorecer o irmanamento cultural entre os dous centros.

Intercambio epistolar previo entre o alumnado dos centros e comunicación dixital.

Actividade cultural conxunta: Casa de Rosalía de Castro

Visita conxunta do alumnado a Valga e a Santiago.

Intercambio lingüístico entre alumnado máis urbano e alumnado máis rural

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

O irmanamento parte da base da procedencia diversa do alumnado do noso centro e do IES de Valga, no primeiro caso máis urbano e polo tanto castelanfalante, e no segundo máis galegofalante. Este encontro cremos que propicia a comunicación en lingua galega entre o noso alumnado e o da provincia de Pontevedra así coma o coñecemento de realidades sociais distintas e polo tanto enriquecedoras.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Comezaremos polo tanto por unha aproximación á realidade social e lingüística de Valga sen esquecermos o achegamento conxunto a contidos do currículo de Lingua Galega tales coma os bloques da lingua galega ou a obra rosaliana, nin o compoñente lúdico dunha actividade que fomenta o aperturismo no noso alumnado.

Nunha primeira fase, parte do noso alumnado de 1º de Bacharelato iniciará un intercambio epistolar co alumnado do IES DE VALGA para continuar cun intercambio de comunicación que pode desenvolverse tanto en papel coma a través da redes sociais.

Na altura de febreiro e co gallo da conmemoración do Día de Rosalía, procederemos a organizar un acto cultural conxunto: a visita á Casa da Matanza en Padrón coma homenaxe á autora, que rematará cunha visita ao IES de Valga organizada polo centro receptor. Nesta fase viaxará o alumnado do IES Pondal.

Aproximadamente en marzo ou abril, o noso centro será receptor da visita do alumnado de Valga e organizaremos unha visita ao casco histórico de Santiago e unha recepción no noso centro como acto de confraternización e agradecemento.

ORZAMENTO:

Desde o EDLG buscarase, se non na súa totalidade si parcialmente, o financiamento do desprazamento e dos gastos derivados da saída a Pontevedra e Ponteceso.

VALORACIÓN FINAL :

O propio alumnado visibilizará a saída no IES a través de fotografías, comentarios, crónicas, etc.

Os membros do Equipo valorarán a idoneidade desta actividade e farán proposta de continuidade en cursos vindeiros, se procede.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Contribución do EDLG a outros proxectos do centro

O EDLG, a través de todas as actividades propostas e do seu espírito colaborador e dinamizador, tratará de contribuír:

Ao **proxecto lector**, a comunidade educativa poderá comentar as lecturas propostas, participar nos debates filosóficos, propoñer os libros que lle apeteza que se lean, representar obras teatrais, poderá seleccionar un fragmento para o deleite dos compañeiros etc.

Ao **plan TIC**, co que colaborará estreitamente para escoller e empregar ferramentas útiles, poñer en funcionamento actividades etc.

Ao **plan de convivencia**, tratando de ser unha vía de unión e traballo cooperativo para deseñar e levar adiante actividades que fomenten a tolerancia e a igualdade, creando unha rede social na que poidan participar activamente, seleccionando lecturas coas que poidan reflexionar e debater, etc.

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN DESTE PROXECTO



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

O plan de avaliación e os criterios e indicadores para a avaliación partirán da base dun traballo multidisciplinar que abrangue moitas materias e departamentos e alumnado variado, de tal xeito que o diálogo e a revisión formará parte do noso equipo de traballo en todo momento.

Entre os nosos obxectivos está a dignificación da nosa lingua , e en particular, unir a distintos membros da comunidade educativa na indagación das orixes do persoeiro que lle dá nome ao noso centro.

Avaliaremos este obxectivo nas sucesivas fases do proxecto e nas actividades deseñadas en criterios de respecto, educación, integración, colaboración, etc.

Fomentaremos un espírito de traballo creativo, solidario, paritario na medida do posible e positivo. Teremos que avaliar que o alumnado se sinta participe en todo momento e orgulloso da súa colaboración. Isto irémolo observando paulatinamente ao longo das reunións e actividades.

Trataremos de fomentar a mellora de competencias TIC e de superar prexuizos sobre a lingua galega como lingua vencellada á obsolescencia tecnolóxica.

O Equipo de Dinamización Lingüística fará un seguimento periódico ao longo do curso tanto con reunións e debates, como con correos electrónicos, nas que fará continuamente unha autoavaliación dos obxectivos e das tarefas realizadas, valorando a súa idoneidade ou observando a posibilidade de facer melloras na súa xestión de cara a cursos vindeiros.

Esta autoavaliación será recollida na memoria final do EDL do IES Pondal.

IMPACTO DO PROXECTO NA MELLORA DO USO DA LINGUA GALEGA NA COMUNIDADE EDUCATIVA

Unha das premisas deste proxecto é mellorar o uso da lingua galega, tanto no plano oral como na escrita. Para iso trataremos de facelo con recursos propios da mocidade urbana e en ámbitos innovadores (música actual, redes



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

sociais, videoxogos, audiovisual).

A participación nas actividades implica necesariamente, adquisición de vocabulario e a mellora da competencia lingüística. Máis aínda, facelo no eido das novas tecnoloxías, redonda nunha maior difusión.

Por demais, a progresiva información que se vai proporcionar á comunidade educativa sobre Pondal e a Costa da Morte así como do centro educativo de Valga tamén debe ser necesariamente unha fonte de cultura e chegar a establecer pontes de diálogo con outros alumnos, familias, etc.

O feito de trasladar algunha celebración e exposición ao Centro Cultural Aurelio Aguirre de Conxo ou ao propio Banquete de Conxo no que participou activamente Pondal, dálle outra dimensión máis aberta ao proxecto e implica unha relación social máis ampla.

IES EDUARDO PONDAL,

Santiago de Compostela, 14-10-2019



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

A coordinadora do EDL

MARIÑA PÉREZ REI

Visto e prace do director

ÓSCAR COUTO VIÑEGLAS